

LECTOR@S E COLABORADOR@S OPINAN DE CERNA, DO ECOLOXISMO E DA SITUACIÓN AMBIENTAL EN GALIZA

Belén Rodríguez / Manuel Soto

Con motivo da publicación do número 50 de CERNA, mais tamén co obxectivo de pulsar unha opinión diversa sobre a situación ambiental nun momento en que a problemática se agudiza, e a pouco máis dun ano do cambio de goberno na máxima instancia administrativa e política galega, recadamos a testemuña de dez expertos e expertas pertencentes aos máis diversas eidos de actividade social, mais todos eles preocupados e implicados na problemática ambiental e lectores ou colaboradores desta revista. Velaquí o panel:

► **Uxía Senlle**, artista, portavoz de *Nunca Máis*

- **Paloma Fernández**, concelleira en Caldas de Reis, membro da Coordinadora antiencoro de Caldas, Cuntis e Moraña
- **Marta Álvarez Santullano**, concelleira en Santiago de Compostela
- **Manuel Antonio Fernández**, profesor de ensino medio, experto en educación ambiental
- **Carlos Vales**, director do CEIDA, experto en educación ambiental
- **Francisco Díaz Fierros**, catedrático de edafoloxía (USC)
- **María García**, experta en xestión ambiental, ecoloxista
- **Xesús Pena Espiña**, Xerente de Alvarella Ecoturismo SL

- **Anxo Moure**, educador ambiental, contacontos, ecoloxista
- **Manuel Vázquez**, conselleiro de medio ambiente da Xunta de Galiza

A todos eles e elas fixémoslle as seguintes preguntas:

1. Como valora a situación medioambiental galega?
2. Díganos 2 ou 3 problemas no eido ambiental que máis lle preocupan
3. Qué papel xoga ou deberían de xogar os/as ecoloxistas?
4. Qué opina da revista CERNA?

De seguido van as respostas, en moitos casos necesariamente resumidas.

UXÍA SENLLE

1. Preocupámonos pouco do medio ambiente, mais a situación é delicada. En Galiza fixéronse auténticas barbaridades e agora estamos pagando as consecuencias. Aínda así son optimista con respecto ao futuro porque a conciencia ambiental das novas xeracións vai en aumento. O triste é que fai falla que pasen catástrofes para facernos reflexionar. Deberíanse impulsar medidas na base da educación e para a prevención.

A Administración debe comezar a facer prevalecer os intereses medioambientais sobre os económicos e a sociedade debe conciliarse e afiliarse aos movementos ecoloxistas.

2. Dende logo, unha das loitas ecoloxistas que semellan interminábeis é a relativa ao traslado de ENCE, agardemos que pronto se efectúe. Pero este verán tivemos a certeza absoluta de que o tema ambiental máis preocupante de Galiza é o dos incendios, a cuestión forestal e de ordenación territorial. Un terceiro problema sería a contaminación do mar. Deberíamos de ser unha reserva verde, mais estamos a perder calidade de vida.

3. A información ambiental debería conseguir un maior achegamento á xente da rúa, quizais facendo campañas máis populares, actuacións simbólicas coas novas xeracións. Se un neno planta unha árbore, nun futuro defenderá mellor o seu medio. Por outra parte, é deber dun colectivo ecoloxista estar na vangarda da información ambiental. Ás veces son informacións incómodas que implican un cambio de rumbo nas políticas, pero eu fiome dela porque procede de xente especializada e voces autorizadas para emitiren xuízos de xeito libre e non condicionadas polos poderes fácticos. É unha información que nos protexe e nos avisa, e debe de ser un

labor incisivo. Internet danos agora moitas posibilidades.

4. A min gústame Cerna porque é unha revista que dá unha información veraz, moi interesante e asequíbel. Hai entrevistas, reportaxes de fondo... Eu creo que sempre debería estar aí, coa ambición de que cada vez sexan máis os/as lectoras. A súa presenza é fundamental nos tempos e no país que nos tocou vivir.

©Xan G. Miras



UXÍA SENLLE: "Fíxéronse auténticas barbaridades e agora estamos pagando as consecuencias. O triste é que fai falla que pasen catástrofes para facernos reflexionar"



PALOMA FERNÁNDEZ: "Os/as ecoloxistas son os únicos que ofrecen unha información rigorosa, sobre todo cando se trata de atentados ecolóxicos en que a Administración ten responsabilidades"

PALOMA FERNÁNDEZ

1. Está todo por facer. Coas recentes choivas e enchentes estase a ver que os encoros son un problema, tanto cando non hai auga, como cando hai moita, véxase como exemplo o encoro de Caldas de Reis no río Umia. Na comarca do Salnés temos exemplos moi claros da falta de respecto ao patrimonio, de construcións desmesuradas e de atoadamento de regatos que logo se desbordan. Tras o accidente da factoría Brenntag no río Umia, soubemos que o encoro non tiña conexión cos sistemas de abastecemento de auga de ningún dos concellos lindantes co río e, por riba, descubrimos no mesmo encoro unha toxina tóxica chamada "microfitis". Á vista destes problemas, pedimos o desmantelamento do encoro en Caldas.

2. Preocúpame a protección dos ríos. A partir da Iniciativa Lexislativa Popular en Defensa dos Ríos que se presentou no Parlamento Galego agardamos que non se liciten máis aproveitamentos hidroeléctricos en Galiza e que se recupere o estado natural dos ríos o máximo posible. Outra problemática que urxe frear é a urbanización sen control na costa galega.

3. A pouca conciencia ambiental que existe na nosa sociedade, incluídos os políticos, é grazas aos grupos ecoloxistas, nomeadamente ADEGA. Son esenciais e deberían contar con máis atención por parte da Administración. Son os únicos que ofrecen unha información



MARTA ÁLVAREZ SANTULLANO: "Os políticos estamos tan inmersos nas cuestións locais que ás veces nos esquecemos da problemática xeral. Cerna contribúe a informarnos"

rigorosa, sobre todo cando se trata de atentados ecolóxicos en que a Administración ten responsabilidades

4. A revista Cerna informa de todo o que está a pasar no eido ambiental galego, dunha forma científica e divulgativa, asequíbel a todo o mundo. A xente debería de coñecerla para saber dos remedios a moitos riscos aos que se ve sometido o noso patrimonio natural. Parécese imprescindible.

MARTA ÁLVAREZ SANTULLANO

1. Na actualidade podemos valorala en positivo, xa que o compromiso do novo goberno en temas medioambientais é moi salientábel, con políticas que están a paralizar o crecemento urbanístico desmedido, a protexer o litoral, e colaboración con actuacións como o Proxecto Ríos. Temos un goberno comprometido co medio ambiente e que implica aos colectivos ambientalistas.

2. A protección do litoral e dos espazos da Rede Natura. Tamén citaría o cambio climático e a depuración das augas.

3. Os colectivos ecoloxistas son organizacións que apostan persoalmente pola defensa do medio ambiente e moitas veces son os que denuncian e poñen en coñecemento das administracións locais os problemas ambientais reais. Tamén colaboran á hora de dar solución o problema.

4. Gustaríame felicitar a ADEGA pola publicación do número 50 da súa revista CERNA. É a revista ecoloxista con máis tirada e a máis lida no noso territorio e creo que debe seguir avanzando. En contidos está moi ben. É interesante que faga emisión dos seus contidos a través de internet, porque os políticos estamos tan inmersos nas cuestións locais que ás veces nos esquecemos da problemática xeral do medio ambiente ou da que existe noutros concellos. Cerna contribúe a informarnos.

MANUEL ANTONIO FERNÁNDEZ

1. É moi preocupante. Sobre todo nos últimos meses a sucesión encadeada de incendios forestais e catástrofes de tipo natural e non tan natural. Tamén os problemas de urbanismo e a desastrosa política territorial que temos fan unha mestura sinérxica e explosiva. Son tamén problemas económicos e sociais, e está urxindo agora máis que nunca poñerlles freo. Grande parte da solución

está nas nosas mans, como comunidade autónoma con capacidade de decisión, e tamén en mans alleas, pero nós podemos influír moito, como no tema do transporte marítimo, onde teremos que achegar todos os elementos preventivos que poidamos.

2. A parte dos incendios, urbanismo e planificación territorial, citaría a problemática enerxética. Estamos superando con creces as emisións de CO² que nos pide o Protocolo de Quioto. Algo que me preocupa moito é a cuestión da biodiversidade, a riqueza de especies dos nosos espazos está diminuindo a marchas forzadas.

3. Os/as ecoloxistas deben ter un papel clave, para que o país se mova e adquira conciencia. Nese senso, en Galiza temos un movemento ecoloxista moi interesante pero que non chega a grandes territorios da opinión pública galega. A información ambiental non se pode circunscribir a un grupo pequeno de xente concienciada e urbana, senón que ten que chegar a todas partes cun discurso máis aberto, intelixíbel.

4. Como profesor e colaborador, Cerna é o voceiro máis interesante que temos, a nota é de notábel alto ou sobresaínte. Debería ser lida por moita máis xente. Os traballos tan interesantes que alí figuran, as campañas, as accións, as denuncias que desde hai moitos anos se fan terían que chegar a un sector da poboación máis amplo e iso debe ser difícil de conseguir. Cerna ten pasado xa



MANUEL ANTONIO FERNÁNDEZ: "En Galiza temos un movemento ecoloxista moi interesante pero que non chega a grandes territorios da opinión pública galega"

por varias reestruturacións e eu penso que hoxe é un medio moi asequíbel e ameno, pero outros factores como as canles de distribución e a propia realidade adormecida do país están en contra nosa.

CARLOS VALES

1. Contraditoria. Temos problemas ambientais moi serios como a especulación no litoral ou a ameaza latente de outro "Prestige", mais nunca houbo unha Administración tan involucrada en facerlle fronte os problemas como agora. É a Administración máis competente na historia autonómica de Galiza e isto permítenos ser optimistas. Por outra banda, a percepción social do que son os principais problemas ambientais moitas veces non coincide coa realidade. Por exemplo, os incendios forestais provocaron unha grande alarma social pero non son en si o problema, son o síntoma ou a manifestación dunha problemática máis fonda: a falta dunha política forestal e territorial que permita xestionar racionalmente o país.

2. Hai que traballar con urxencia en certos problemas ambientais globais que teñen a súa especificidade en Galiza, como a destrución da biodiversidade. Haberá que crear unha rede de espazos naturais ben xestionada e á altura das nosas necesidades, algo que ben coñece a Administración galega. Ademais temos por diante o desafío do cambio climático e a necesidade de

interiorizar o significado do desenvolvemento sustentábel nas persoas e institucións que teñen capacidade de intervención sobre o medio ambiente e o territorio, de xeito que se tomen decisións nas que se involucren os distintos ámbitos políticos. No ámbito puramente galego, temos os ríos degradados polas infraestruturas hidráulicas, o litoral presionado pola ameaza urbanística (incluídos recheos e infraestruturas, non só vivendas), unha falla de política forestal que cumpra servizos ambientais e sociais, e un problema de fondo que é o desequilibrio demográfico e o rural sen xente. Isto e a baixa conciencia ambiental dalgúns políticos derivarán en destrucións graves.

3. Os colectivos ecoloxistas son a conciencia ambiental crítica máis avanzada do país, pero teñen unha carencia: a falla de capacidade ou de profesionalidade para facer comunicación ambiental. Aínda que defendamos ideas correctas, temos que conseguir transmitir a importancia desas ideas ao maior número posíbel de persoas. A capacidade da influencia ecoloxista está por debaixo da relevancia das súas propostas e este problema témolo que resolver. Debemos coñecer mellor os mecanismos cos que funciona a comunicación social.

4. Cerna é un referente imprescindible para o ecoloxismo galego. É unha publicación dunha calidade máis que digna e a que mellor permite entender cales son os problemas reais que está tendo o medio ambiente en Galiza.

aos seus efectos. O cambio de aptitudes, como compromiso ético, para frear as emisións individuais, completaría a outra parte do problema. Por outra parte, ten importancia a urbanización das zonas costeiras e as dificultades coas que nos atoparemos para freala e reconducila: o peso do sector da construción como xerador de emprego e de riqueza en España e, nomeadamente, en Galiza, vai deixar en "papel mollado" moitas das declaracións e decisións tomadas ao respecto. Tamén me preocupa a desertización do campo, pois sen homes que leven a cabo as accións pertinentes de defensa do medio ambiente rural (o máis importante pola extensión e pola significación cultural que ten) é imposible, ou cando menos moi difícil, frear a súa degradación e iniciar a súa restauración.

3. Primeiramente, o ecoloxismo debe de seguir sendo unha especie de conciencia ecolóxica do país, chamando a atención sobre aqueles asuntos máis urxentes ou graves do medio ambiente. Secundariamente, debe de colaborar con outras instancias de carácter educativo no relativo á educación ambiental.

4. Cerna está ben en xeral, aínda que a sistemática visión catastrofista que ás veces se manifesta debería de matizarse máis. Por outra banda, boto en falla contidos dun certo calado como os relativos aos problemas da ciencia (incertidumes, socioloxía, etc.) no eido do medio ambiente.




CARLOS VALES: "Temos por diante o desafío do cambio climático e a necesidade de interiorizar o significado do desenvolvemento sustentábel nas persoas e institucións que teñen capacidade de intervención"

FRANCISCO DÍAZ-FIERROS

1. Estamos nun momento crítico e decisivo. No senso de que se están a manifestar importantes movementos de renovación cultural que no relativo ao medio ambiente, cando menos no plano teórico, manifestan unha valoración decidida e favorábel ao medio ambiente fronte ás clásicas formulacións produtivistas. Ao tempo existe unha moi seria ameaza de actividades cun forte potencial económico que poden xerar procesos irrecuperábeis de degradación. O que predomine no futuro destas dúas actividades ou movementos decidirá a sorte do noso medio. De aí o senso, fundamente crítico, deste momento.

2. O cambio climático é o reto máis importante e decisivo de cara ás actividades a desenvolver para adaptarnos



FRANCISCO DÍAZ-FIERROS: "O cambio climático é o reto máis importante e decisivo de cara ás actividades a desenvolver para adaptarnos aos seus efectos"

MARÍA GARCÍA

1. A situación é moi preocupante. Estamos a recoller os froitos de anos de políticas do caos e do lucro fácil que non tiveron en conta os máis mínimos criterios de ordenación, eficiencia, sustentabilidade ecolóxica ou xustiza social. O noso patrimonio natural - o monte, as rías, os ríos, o litoral, ...- está a ser destruído a un ritmo que me asusta. Temos un país privilexiado en recursos e en paraxes incomparábeis. Mais se continuamos a este ritmo, que vai quedar de Galiza dentro de 5 ou 10 anos?

2. Sen dúbida, os incendios forestais e a excesiva urbanización no litoral. Aínda que existen outros: a contaminación fluvial, a deterioración de espazos protexidos, a crecente demanda de enerxía, ... Preocúpanme a complexidade dos incendios, pois hai unha amalgama de factores e unha inercia que dificultan moito unha rápida solución, multitude de conflitos sen resolver. Hai que extremar a prevención e procurar un consenso da sociedade galega que nos faga avanzar a todos na mesma dirección. A urbanización do litoral precisa dunha moratoria urxente. Está rodeada en moitos casos de episodios de corrupción, falta de democracia e transparencia, transfuguismo e especulación. ¿De verdade non existe outro xeito de progresar como país?

3. Desde o ecoloxismo tivemos que asumir un rol que a Administración desatendeu e vímonos obrigados a



MARÍA GARCÍA: "O noso patrimonio natural, o monte, as rías, os ríos, o litoral... está a ser destruído a un ritmo que asusta. Que vai quedar de Galiza dentro de 5 ou 10 anos?"

denunciar actuacións nocivas e a presentar alternativas ecolóxica e socialmente aceptábeis. Non queremos ficar parados/as mirando como se destrúe o que é de todos e todas. O movemento ecoloxista é un motor de cambio. Anticipámonos a fenómenos adversos tentando avisar do risco (¿quen dubida a estas alturas do antes cuestionado cambio climático? ¿cantas veces chamamos a atención sobre o estado do monte?). Logo propomos alternativas innovadoras que pouco a pouco van sendo asumidas pola sociedade. E nesta tarefa boto en falta máis apoio das Administracións e dos diversos axentes sociais.

4. Cerna meréceme unha felicitación! Pola calidade dos artigos, a variedade de temas, a rigorosidade dos seus contidos... e os anos de experiencia. É un referente na divulgación ambiental en Galicia. Parabéns e ánimo.

XESÚS PENA ESPÍÑA

1. A situación é negativa. Nos últimos 20-30 anos Galiza experimentou profundos cambios socioeconómicos, de crecemento urbano-industrial e abandono do territorio agrario. Este entrou nun proceso expansivo de deterioro: reforestación salvaxe e oleadas de lumes devastadores. Mentres, o crecemento urbano e industrial danan gravemente a franxa costeira: urbanización descontrolada e carente de servizos, procesos industrializadores de "enclave" altamente contaminantes e consumidores de inmensos volumes de enerxía, celulosas, centrais térmicas ou factorías de aluminio.

2. O descoñecemento dos problemas e, polo tanto, a escasa sensibilización fronte aos asuntos medioambientais por parte dunha grade maioría da xente, incluídos os xestores políticos, fundamentalmente os que están na base da sociedade como poden ser os alcaldes. E, por suposto, o abandono do territorio agrario e os procesos de urbanización sen orde nin concerto, coa destrución do patrimonio histórico, da arquitectura popular, a urbanización masiva da costa e o uso forzado dos transportes privados.

3. Os/as ecoloxistas deben ser a voz crítica, os/as voceiros dos sectores lúcidos e coñecedores dos problemas. Deben formar e dar a coñecer os problemas, vincular a acción ecoloxista a modos de vida máis saudábeis, fuxir do estereotipo do ecoloxista/integrista,

desenvolver a acción dentro do equilibrio (recursos económicos esgotábeis/eficacia/desenvolvemento sostíbel/ vida san) e actuar de xeito decidido en todos os foros dos que se dote a sociedade civil: partidos, sindicatos, ONGs, asociacións de veciños, axendas 21, etc.

4. Á Cerna doulle unha nota moi alta, polos contidos e a frecuencia con que sae a rúa. Non me acaba de convencer o deseño, creo que se fai un chisco dificultoso seguir a súa lectura. Polo demais, parabéns.


ANXO MOURE

1. A situación é dramática. Mais teño moitas esperanzas no traballo das asociacións ecoloxistas.

2. Citarei tres problemas: o cambio climático, os incendios e a situación dos ríos galegos. Todos estes problemas veñen provocados por unha grave falla de concienciación social e o populismo mal entendido dos responsábeis políticos.

3. Os e as ecoloxistas deben ser principalmente educadores, ser a voz dos que non teñen voz, dos bosques, dos ríos..., cunha denuncia clara e continúa, en liberdade.

4. Cerna é imprescindible aínda que boto en falla unha Cerna (ou cerniña) máis infantil, volcada cara os pequenos bosques de nenos que renovarán os máis vellos soutos e castiñeiros da sabedoría de Adegas.



XESÚS PENA ESPÍÑA: "É escasa a sensibilización dunha grade maioría da xente, incluídos os xestores políticos, fundamentalmente os alcaldes"

MANUEL VÁZQUEZ

1. Resta moito por facer, mais hai ano e medio que a política da consellería de MA e do Goberno galego en xeral con relación ao medio ambiente mudou de forma substancial. Permítanme algúns exemplos. Un: durante estes días estamos tratando de solucionar un dos problemas ambientais máis graves que ten este país, o da contaminación da ría de Vigo. Acaso alguén cre que é un problema novo, recente? Claro que non, pero resulta que agora este goberno fala deste tipo de problemas porque esa é a única maneira de diagnosticalos e soluciónalos. Dous: durante demasiados anos, neste país, dunha extraordinaria riqueza ambiental, saturáronse os ríos de minicentrales, ata que este goberno puxo fin a esa proliferación, nunha das súas primeiras decisións, derogando as que estaba tramitando o anterior goberno e rescatando outras. Tres: Galiza é a penúltima comunidade de España en porcentaxe de territorio protexido, con menos do 13%. Non parece inconcibíbel?... Queda moito por facer, non o dubido, pero agora podémolo dicir dende a convicción de que por fin emprendemos un camiño que xa non ten marcha atrás, un camiño que busca o desenvolvemento sostíbel deste país. E precisamente a riqueza ambiental de Galicia debería ser un dos seus motores económicos máis potentes.

2. Preocúpanos especialmente a contaminación das nosas rías e os nosos ríos, castigados durante anos de "desarrollismo" e urbanismo insostíbel.



ANXO MOURE: "A situación é dramática, mais teño esperanzas no traballo das asociacións ecoloxistas"

O caso da ría de Vigo é paradigmático, pero non é o único. As grandes cidades de Galiza teñen sistemas de depuración deficientes ou nin sequera os teñen. Vigo verte 46 millóns de litros de auga cada día ao mar sen tratar. Hoxe, A Coruña e Ferrol están construíndo as súas depuradoras, e neste próximo ano imos licitar as instalacións para as 20 poboacións galegas de máis de 2.000 habitantes que aínda incumpren a directiva europea da auga.

3. A participación cidadá é fundamental para un axeitado desenvolvemento das políticas ambientais promovidas dende as distintas administracións. Todos os sectores e, en especial, o ecoloxista, pola súa contrastada sensibilidade con este tipo de cuestións, xogan un importante papel na difusión, posta en marcha e implicación nos programas e accións destinados a acadar o desenvolvemento sostíbel. Diversos organismos teñen representación dos grupos ecoloxistas, entre outros, o que lles permite a estes participar e coñecer de primeira man as actuacións promovidas desde esta administración.

4. Son seguidor habitual de Cerna, e páreceme divulgativa e accesible. Destacaríaa ademais o feito de que sexa unha revista que analiza e informa sobre o medio ambiente galego e as súas problemáticas, así como das actividades que realizan os movementos ecoloxistas.



MANUEL VÁZQUEZ: "Por fin emprendemos un camiño que xa non ten marcha atrás, un camiño que busca o desenvolvemento sostíbel deste país"

QUE VALORACIÓN LLE MERECE CERNA?

CERNA É:

- ▶ o voceiro máis interesante que temos. Debería ser lida por moita máis xente (Manuel Antonio Fernández)
- ▶ veraz, moi interesante e asequíbel (Uxía Senlle)
- ▶ a xente debería de coñecela para saber dos remedios ante moitos riscos (Paloma Fernández)
- ▶ a revista ecoloxista máis lida no noso territorio. Contribúe a informarnos (Marta Álvarez Santullano)
- ▶ un referente para o ecoloxismo galego e para entender cales son os problemas reais do medio ambiente en Galiza (Carlos Vales)
- ▶ un referente na divulgación ambiental en Galiza (María García)
- ▶ unha nota moi alta, polos contidos e a frecuencia (Xesús Pena Espiña)
- ▶ analiza e informa sobre o medio ambiente galego (Manuel Vázquez)

AS CARENCIAS DE CERNA:

- ▶ debería de matizarse máis a sistemática visión catastrofista que ás

vezes manifesta (Francisco Díaz Fierros)

- ▶ fáltanlle contidos como os relativos aos problemas da ciencia (Francisco Díaz Fierros)
- ▶ non me acaba de convencer o deseño (Xesús Pena Espiña)
- ▶ boto en falla unha Cerniña máis infantil (Anxo Moure)

